- Que argumente ou xustifique a baixa ofertada, de maneira que o órgano de contratación poida chegar á convicción de que se pode levar a cabo.
- Que tales argumentos ou xustificacións deben ser máis profundos canto maior sexa a desproporción da oferta.

Oitava.- Entrando a analizar a proposta de presentada por Aqualia, cabe resaltar: Non se puede obviar a doutrina dos Tribunais de Recursos Contractuales, como é o Tribunal de Madrid, que se pronuncia sobre a cuestión dos costes de personal imputados nos documentos xustificativos a outras



partidas do contrato, considerando que os costes de personal, de plantilla suplente ou de cualquier outra modalidade de contratación non son costes estruturais da empresa, e máxime neste caso no que ditos costes son notablemente superiores ao importe de gastos xerais previstos no contrato sin que exista unha xustificación específica na partida de gastos xerais sobre esta previsión.

Neste senso, a resolución nº 337/2017 de dito Tribunal establece o seguinte:

"Sentado lo anterior es que la recurrente no cuestiona la posibilidad de ofertar a coste 0 determinados puestos de trabajo vinculados al contrato, sino únicamente que con los costes generales indicados en la justificación de la oferta dicha asunción no sería posible. No se pronuncia al respecto ni el órgano de contratación, ni la adjudicatario. El concepto gasto general de acuerdo con el informe 50/08, de 2 de diciembre de 2008, de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, obedece a lo dispuesto en el artículo 131 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre (RGLCAP), que si bien es aplicable al contrato de obras cabe considerar a efectos interpretativos.

Así concluye dicho Informe que "por gastos generales de estructura, tal como los conceptúa el Reglamento en su artículo 131, debe entenderse aquéllos que no tienen la consideración de coste (directo o indirecto) del servicio, por cuanto no dependen directamente de la prestación de éste, siendo costes derivados de la actividad general de la empresa contratista. Ello explica, que junto a los gastos generales de estructura, pero separadamente de ellos, se enumeren los costes que inciden sobre la propia prestación objeto del contrato y demás derivados de las obligaciones de éste, es decir los mencionados en el apartado b) del párrafo anterior.

De esta forma el coste de personal que la adjudicatario no considera coste del servicio ya que se oferta a coste 0, se puede entender incluido dentro de este concepto de coste de estructura o gastos generales. Ahora bien ello no significa que dicho coste no deba ser cuantificado, en este caso, en la justificación de la oferta. Por tanto aunque los gastos de personal se incluyeran dentro del concepto de gasto general del contrato o de costes estructurales de la empresa, deben tenerse en cuenta a la hora de justificar la viabilidad de la oferta, incluyendo las mejoras propuestas. Esta consideración implica que necesariamente la cantidad consignada en tal concepto sea suficiente para afrontarlos, por lo que debe estimarse el recurso en cuanto a este motivo, al no ser razonable la aceptación de una justificación en la que no se tiene en cuenta parte de los costes del servicio. "

Ademáis, a empresa manifesta que "cuenta con medios materiais, equipamiento y vehículos en la Delegación que pondrá a disposición del contrato, sin cargo directo para el mismo,



reponiendo aquéllos que por su uso o deterioro lo necesiten con cargo a su estructura". No obstante, esta afirmación non se acompaña de ningunha actividade probatoria que acredite a titularidade dos medios que manifesta nin a súa dispoñibilidade para o contrato

Neste senso, cabe citar a **Resolución nº 264/2018 del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales**, na que se expón o criterio e doutrina deste Tribunal en relación coa presunción de temeridade das ofertas no sistema contractual público, e na que ao analizar a xustificación presentada polo licitador en dita suposto manifestaba o seguinte:

"Así, a la vista de las circunstancias concurrentes, este Tribunal concluye que el informe técnico argumenta suficientemente la convicción de que la oferta de la empresa recurrente no pueda ser cumplida satisfactoriamente, conteniendo una motivación adecuada y suficiente de las razones por las que se aprecia que la oferta, en su conjunto, no podrá ser cumplida normalmente, en particular, debido a la ausencia de justificación de aquella v. más en concreto, de las razones que expliquen satisfactoriamente el bajo nivel de precios ofertado o de costes propuesto que hubieran permitido al órgano encargado de la valoración poder concluir que el servicio podría ser ejecutado acorde a los Pliegos. y al órgano de contratación dar por destruida la presunción de anormalidad.

A todo lo anterior debemos añadir que la mercantil actora trata de combatir la resolución de exclusión con meras afirmaciones sin haber realizado una labor mínimamente probatoria de sus aquellas.

En efecto, la actora no sólo no realiza una mínima actividad probatoria de la justificación de su oferta, en concreto de los aspectos que se entendió incurrían en temeridad o resultaban anormalmente bajos (por ejemplo en relación a la prueba del título de propiedad o de la posibilidad de ser beneficiario de ayudas del Estado) sino que ni tan siquiera cita, expone ni desarrolla la repercusión o trascendencia económica que tales circunstancias, de haber sido probadas, tendrían en su oferta para poder ser entendida como sería.

En consecuencia, examinadas las justificaciones de la recurrente y las manifestaciones contrarias del órgano de contratación, este Tribunal entiende que las primeras no son suficientes para explicar una baja como la propuesta por lo que su oferta debió ser excluida, confirmándose así la exclusión del procedimiento"

Novena.- Finalmente en relación á falta de competencia do Técnico informante (Arquitecto Técnico) invocando os recurrentes entre outras a Lei 12/1986, cumpre resaltar que a **Disposición Adicional da devandita Lei sinala que o establecido na presente norma non será directamente aplicable aos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos vinculados á Administración Pública por unha relación de servicios de**



natureza Xurídica administrativa, os cales rexiránse polas súas respectivas normas estatutarias.

É reiterada doutrina do Tribunal Supremo que , á hora de interpretar as normas sobre a Función Pública, na asignación do contido funcional, responsabilidade técnica e mando entre postos de traballo, ha de recoñecerse ao Organismo administrativo correspondente un alto grado de discrecionalidade. Incluso se admite que as Administracións poidan asignar diferentes «responsabilidades técnicas y de mando», aínda senda as mesmas, en sentido Legal. as «atribuciones», «cometidos» y «funciones».

Respecto á interpretación desta Disposición Adicional tivo ocasión de pronunciarse o **Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 2000**, segundo a cal, serán de aplicación as normas que regulen o contido de cada profesión e, por tanto, no suposto dos Arquitectos Técnicos, a Ley 12/86. No Fundamento de Dereito se dí o seguinte:

En nada afecta a esta solución a relación laboral o administrativa existente entre el profesional firmante de los proyectos y la Diputación Provincial, pues sus atribuciones no derivan de esta relación sino de su propia capacidad técnica, máxime cuando el Reglamento interno de la Corporación se la atribuye al Jefe de la Sección, cuya titularidad ostenta.

La Administración, por tanto, puede asignar funciones determinadas a puestos concretos, pero siempre incluídas en su ámbito de actuación profesional.

De lo expuesto se deduce que el Ayuntamiento puede asignar a cada puesto de trabajo las funciones y jerarquía funcional que entienda más acordes con una práctica racional de la función administrativa, siempre y cuando, por supuesto, dichas funciones se engloben en la categoría profesional de aquel a quien se asignan.

Neste punto, e a falta de maiores especificacións, cabe recordar a doutrina sentada por algunha xurisprudencia, como a **Sentenza do TSI Navarra de 4 de febreiro de 2008** que, a propósito das competencias e a cualificación para intervir en actividades do servizo por parte dun Arquitecto Técnico municipal. e, máis en concreto, con respecto á súas funcións aos efectos de informar proxectos de obra suxeitos a licenza, se sinala que, si ben un Arquitecto Técnico non pode elaborar un proxecto de edificación dun bloque de vivencias, sin embargo:

- *sí que tiene "competencia para informar a la Corporación acerca de si tal proyecto se ajusta a lo previsto en el planeamiento aprobado por el Municipio y si cumple con lo ordenado en relación con alturas, volúmenes, etc.*
- *Con mayor razón si cabe se puede admitir tal conclusión por cuanto el funcionario técnico informante no está emitiendo un juicio de valor acerca de la bondad del proyecto en*



cuestión, pues ello si supondría una injerencia en algo para lo que no es competente ya que si no está facultado para realizar proyectos mal podrá enjuiciar los proyectos ajenos. Lo que se le pide es un informe acerca de si tal proyecto es adecuado al planeamiento y ello a los meros efectos de informar de manera no vinculante al órgano municipal que es en definitiva quien da o niega la licencia... "

Conforme a este criterio, o determinante é a capacitación profesional polo que fai á intervención dos Tñecnicos na actividade de emisión de informes en materia urbanística.

Na titulación de Arquitecto Técnico, nos planes de estudio, por exemplo, se contempla expresamente, entre as materias trncales non soamente o estudio de aspectos legis de construcción, xestión urbanística, e lexislación xeral e aplicada ao sector, así como economía palicada, economía xeral e aplicada ao sector; senón tamén a **Organización de empresas que se corresponde á area de coñecemento de Economía Aplicada e Organización de Empresas (R.D. 927/1992, de 17 de xullo, polo que se establece o título universitario oficial de Arquitecto Técnico e as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á súa obtención).**

Todo o que conduce a entender que , pola súa formación ou cualificación en ditos ámbitos de coñecemento, pode afirmarse a habilitación dos técnicos mencionados como personal titulado competente para emitir informes como o presente caso complementado coa función atribuídas ao posto pola Relación de Postos de Traballo do Concello de Ares.

CONCLUSIÓN

Primeira.- Procede aplicar para a apreciación de que unha proposición non pode ser cumprida como consecuencia de inclusión de valores anormais ou desproporcionados por aplicación do artigo 152.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro por remisión da Disposición Transitoria Primeira da Leí 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a cláusula 5ª "Procedemento de adxudicación" do Prego de prescricións administrativas e técnicas :

cláusula 5ª "Procedemento de adxudicación" :

"Las ofertas cuya baja supere en más de 3 puntos porcentuales la baja media se considerarán que no pueden ser cumplidas como consecuencia de incluir valores anormales o desproporcionados"

Segunda.-

Cadro resumo:

- **Orzamento estimado: 1.550.736,00 €.** (con IVE).
- **Orzamento base : 939.840,00 €.** (Con IVE).



- Proposta económica de FCC Aqualia S.A.: 812.961,60 € (Ive engadido).
- Proposta económica Geseco-Gestión de servicios e conservación: 892.848,00€.
(Ive engadido).
- Baixa FCC Aqualia S.A.: 13,5 %.
- Baixa Geseco: 5,00 %
- **Media aritmética baixa: 9,25 %.**

Nos termos da devandita cláusula 5ª do Prego de prescricións administrativas e técnicas a proposta de FCC Aqualia S.A. está incurso en baixa temeraria ou desproporcionada ao superar en máis de tres puntos porcentuais a baixa media.

A proposta de GESECO ao non superar a baixa media (atopase no tramo inferior) non está incurso en baixa temeraria ou con valores anormais ou desproporcionados.

Terceira.- O Técnico informante da viabilidade da proposta de FCC Aqualia S.A. é competente para dita informe, figurando suficientemente argumentado o informe técnico.

Cuarta.- Non se aprecia unha valoración efectuada pala Mesa de contratación derivada de erro, arbitrariedade de mesma ou defecto procedimental para entrar a considerar a súa revisión.

Na súa virtude a xuízo do funcionario informante procede desestimar o recurso de reposición e subsidiario de revisión presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular de 22 de xaneiro de 2019.

Ares, a 15 de febreiro de 2019.

O Secretario,

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai unha quedan de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dando os bos días a todos/as manifesta que estamos ante un punto que xa veu a pleno anteriormente, é un recurso do PP nós non entramos a valorar ou a cuestionar ou non a legalidade de este punto, xa o dixemos e o repetimos unha vez máis aquí dende que se cambiaron as mesas de contratación e a oposición se lles impediú ir a eles non temos maneira de fiscalizar nin tampouco de facer un seguimento das contratacións que se fan polo tanto nós o que pedimos naquel pleno onde saíu isto, foi que se acordase dalgunha maneira esa falta de información e ese impedimento de fiscalización que temos os grupos da oposición, nós imos reiterar que dalgunha maneira se actúe para que a oposición poida ter a información e teña dereito a fiscalizar para que non acontecen este tipo de situacións.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde dando a palabra a voceira do PP.



Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dando os bos días a todos/as manifesta que sobre o que vou a falar e sobre a explotación do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (condución e bombeos) Ares, Fene e Mugarbos, dicir que tras a sesión plenaria que se celebrou o 28/12/2018 este grupo municipal solicitou a Alcaldía a posibilidade de consultar o expediente de contratación completo o pasado 03/01/2019 e que si ben é certo que mediante a resolución da alcaldía do 15/01/2019 reconociase dito dereito e que se poría a disposición o expediente o certo, é que a día da data e dicir o 22/01/2019 e tras reiterados intentos de consultar o mesmo non se puideron facer por canto cada un dos funcionarios municipais a quen se solicitou limitáronse a afirmar que non dispoñían do expediente e que debía estar noutro departamento no cal e reiterada a petición tampouco estaba, cando puidemos ao fin ver dito expediente a nosa sorpresa foi que nun expediente que se levou a pleno o 28/12/2018 non estaba o acta da reunión celebrada pola mesa de contratación do día 05/12/2018, eu lle preguntaría ao Sr. Alcalde porque levou ao pleno o expediente incompleto, porque faltaba dita acta neste expediente. Nesta acta o Arquitecto Técnico Municipal volve a facer encampe no imprevisible incremento dos salarios e que o importe do contrato sería de 739.081,18€ non os 739.056€ ofertados e dicir unha diferenza de 25,18€, ¿Por qué isto non se ve na mesa de contratación celebrada o 09/08/2018 nesa mesa de contratación aprobada por unanimidade? Este acordo propón para súa adxudicación a empresa FCC AQUALIA por ser de maior puntuación o que volvo a reiterar é que este informe que vostedes non o levaron ao expediente do pleno do 28/12/2018 dista moito do ámbito competencial dos arquitectos técnicos a efectos de procedemento de contratación, ditas competencias están fixadas na lei 38/1999 de Ordenación de la Edificación así como na Lei 12/1986 sobre regulación de las atribucións profesionais de los Arquitectos Técnicos y en el Decreto 265/1971 de 19 de Febreiro na medida en que non foron derogados pola anterior e que, como ha sinalado na reiterada xurisprudencia de aplicación, na materia de competencias rexe o principio de especialidade en función do contido académico de cada título profesional e está claro que o do Arquitecto Técnico nula relación garda co estudo dos medios do persoal; os seus salarios e a actuación dos mesmo nos futuros Convenios Colectivos.

Sometida a votación a “RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN E SUBSIDIARIO DE REVISIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CONTRA O ACORDO PLENARIO DE 28/12/2018 BOMBEO EDAR” o Pleno do Concello por, 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL) 3 en contra (3 PP) e 2 abstencións (2 BNG-1 Ausencia Xustificada) acorda prestarlle a súa aprobación.

4ª APROBACIÓN PROXECTO E PETICIÓN SUBVENCIÓN Ó IDAE “RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DO ALUMADO, ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN EXTERIOR-COMBARRO”.

Sometida a votación as Aprobación Proxecto e Petición Subvención ó IDAE “RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DO ALUMADO, ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN EXTERIOR-COMBARRO” o Pleno do Concello por 9 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL, 2 BNG-1 Ausencia Xustificada) e 3 abstencións (3PP), acorda prestarlle a aprobación.

5º DECLARACIÓN INSTITUCIONAL: DEMANDAR A EXENCIÓN DE PESCA ACCIDENTAL, DENTRO DA MODALIDADE DE PESCA ARTESANAL, DO SISTEMA DE TAC'S E COTAS IMPLANTADO POLA UE.



Dáse conta da Declaración Institucional; Demandar a Exención de Pesca Accidental, dentro da modalidade de Pesca Artesanal, dos sistema de TAC's e Cotas Implantado pola UE que a continuación se transcribe;

Moción para promover unha declaración institucional do Concello de Ares, co obxecto de demandar a exención da pesca accidental, dentro da modalidade de pesca artesanal, do sistema de TAC, s e cotas implantado pola UE.

O Grupo Municipal do BNG, presenta ao Pleno do Concello de Ares a presente MOCIÓN para o seu debate e aprobación, se procede, de acordo coa seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente iniciativa ten como principal obxectivo por de relieve a desigualdade de trato e a inxustiza existente no sector pesqueiro por mor do actual sistema de reparto de TACs e cotas (distribución das posibilidades de pesca) para a frota de artes menores.

Ata fai pouco, na Unión Europea (UE) definíase a pesca costeira artesanal como a desenvolvida por buques inferiores a 12 metros de eslora e con determinadas artes de pesca. Toda a pesca executada por buques de eslora maior ou con artes non contempladas como artesanais pola UE, entrarían dentro da denominación de industrial.

Elo implicaba que tódalas embarcacións maiores de 12 metros, quedarían fóra da categoría de pesca costeira artesanal, supoñendo importantes prexuízos para esta frota-ex, non poder acceder ás axudas dos Grupos de Acción Local de Pesca (GALP's) con fondos (FEMP).

A día de hoxe, a UE está a utilizar unha definición multiparamétrica da pesca costeira artesanal, sendo necesario para o recoñecemento desta frota como tal, o cumprimento de alomenos tres, dos cinco criterios seguintes: 1. Eslora das embarcacións inferior a 12 metros. 2. Distancia do caladoiro, faenar dentro de augas nacionais. 3. Duración máxima das mareas; 24 horas. 4. Utilización de artes de pesca sostibles. 5. Máximo de 4 tripulantes enrolados e a bordo.

Ata o ano 2013, a normativa estatal na materia (Orden ARM/271/2010, do 10 de Febreiro, modificada pola Orden ARM/3315/2010, do 21 de decembro) establecía uns criterios para o reparto e xestión das cotas de diferentes especies por modalidades de pesca e dentro de cada modalidade por tripulante embarcado a bordo e día.

A partir de dita anualidade e a través da Orden AAA/1307/2013, do 1 de xullo, derogada pola Orden AAA/2534/2015, establecéronse plans de xestión para a distribución das posibilidades de pesca e un sistema de reparto distinto ao que historicamente se viña aplicando, vencellado directamente cos datos de consumo de capturas históricas (datos obrantes na SEGEPESCA do período 2002-2011), ás que se lle deron prioridade fronte a aspectos socio-económicos das frotas afectadas nas distintas pesqueiras, ou o que é o mesmo, sen terse en conta que Galicia representa o 90% da frota de artes menores do Cantábrico-Noroeste, e a que, en aplicación do criterio por históricos, non acadara máis dun 15% de cota nalgunhas especies.



En fin, pasouse dunha pesqueira lineal para todos os buques (cada embarcación dentro das súas capacidades de pesca e almacenamento e sen criterios de reparto por comunidade autónoma ou outras división territoriais) para se converter nunha fonte de desequilibrio interrexional dentro dun mesmo estado.

Asemade, catro anos despois da entrada en vigor da nova política pesqueira comunitaria (PPC), o sector da pesca artesanal segue sen poder cadrar esixencias, prohibicions e obxectivos. Bruxelas deixouno sen marxe de manobra, combinando cotas escasas e unha impracticable obriga de desembarco para todas as capturas. Dende o 01/01/2019 coa aplicación da política de “descartes cero” poderá, haber embarcacións que teñan que parar, despedir tripulacións ou incluso ser despegadas.

A PPC, non está pensada nin adaptada á realidade da pesca artesanal e na UE só se escoitan e teñen en conta as demandas dos grandes lobbies pesqueiros, sen porse en marcha medidas específicas para este segmento da frota. SEn dúbida haberá problemas, e podería chegar un momento no que a pesca artesanal quedase desmantelada.

Trátase pois dunha preocupante situación, de todo dramática para as comunidades pesqueiras de Galicia, altamente dependentes dunha actividade que da emprego directo a máis de 9000 persoas.

En definitiva está dabondo demostrado que no intre de repartir as posibilidades de pesca, a frota artesanal sempre sae mal parada e discriminada, aínda tratándose da máis sostible, sustentable e respetuosa co medio mariño e a que garante menores capturas, mais de maior calidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación do Concello de Ares a adopción dos seguintes

ACORDOS

O Pleno do Concello de Ares, mediante escrito asinado polo todos/as e cada un dos Membros que integran a Corporación Municipal, SOLICITA aos Grupos Políticos con representación no Prlamento de Galicia e no Congreso dos Deputados, que adopten e executen as seguintes decisión:

- 1. PROMOVER E CONSENSUAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA MATERIALIZAR A EXCLUSIÓN DAS CAPTURAS ACCESORIAS OU ACCIDENTAIS DA FROTA COSTEIRA ARTESANAL DO SISTEMA DE TAC´s E COTAS, DADA A SÚA MULTIESPECIFICIDADE E. POLO TANTO, O SEU ESCASO IMPACTO NO ESTADO DOS RECURSOS MARIÑOS.**

Dentro da pesca costeira artesanal, compre establecer criteiros de diferenciación entre o que significa a pesca accidental e a pesca dirixida. O tratamento das dúas modalidades debería ser de todo independente: a accidental debe estar á marxe dos criterios de TACs e cotas ou de obriga de desembarco, dado que representa as capturas



de especies accesorias durante a pesqueira dunha especie obxectivo. Por outra banda, a dirixida orientase á pesqueira dunha determinada especie, debéndoselle aplicar unha xestión das posibilidades de pesca a través de criterios de reparto que garanten igualdade de condicións entre as unidades de frota participantes.

2. REQUIRIR UN TRTAMENTO DISTINTO E DIFERENCIADO DA XESTIÓN DAS POSIBILIDADES DE PESCA DA FROTA ARTESANAL CON RESPECTO AS FROTAS INDUSTRIAL E/OU SEMIINDUSTRIAL.

As embarcacións de pesca costeira artesanal son de pequeno porte, utilizan artes e aparellos de pesca altamente selectivos, desenvolven a súa actividade pesqueira de forma tradicional, sostible, cun baixo volumen de capturas de especies moi diversas e de gran calidade.

A pesca costeira artesanal nas súas diferentes modalidades realízase de xeito exclusivo en augas interiores e cunha importante dependencia socioeconómica, tendo en conta a gran cantidade de postos de traballo que xera, tanto directos como indirectos.

Xa que logo, queda suficientemente demostrado que a incidencia da pesca costeira artesanal é socialmente moito máis relevante que a industrial ou a semi-industrial e, polo tanto, estímase esencial a súa protección e salvagarda, propoñendo a súa regulación a través de criterios específicos e consecuentes, e en ningún caso mesturados con outras pesqueiras de intereses moi distintos.

3. CONTINUAR RECLAMANDO QUE A PESCA COSTEIRA ARTESANAL QUEDE EXENTA DA OBRIGA DE DESEMARQUE.

É indispensable seguir insistindo ante a Unión Europea, que a normativa que regula o briga de desembarque de capturas para a frota costeira artesanal, quede sen efecto.

É indubidable que a decisión de “política de descartes cero” tomouse de xeito precipitado no seo da UE, sen facerse os estudos correspondentes e sen ter en conta as pesqueiras multiespecíficas nas que desenvolve a súa actividade a frota costeira artesanal galega.

O feito de aplicar o regulamento tal e como está redactado, podería supoñer que non se poida desenvolver a actividade pesqueira, cando se poden acreditar as boas condicións dos caladoiros galegos, debido a forma de traballo sostible da pesca costeira artesanal.

En Ares a 7 de Febreiro do 2019

Sometida a votación a Declaración Institucional, “DEMANDAR A EXENCIÓN DE PESCA ACCIDENTAL DENTRO DA MODALIDADE DE PESCA E ARTESANAL, DO SISTEMA DE TAC.S E COTAS IMPLANTADO POLA UE” o Pleno do Concello por unanimidade 12 votos a favor (5



PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL, 3 PP, 2 BNG-1 Ausencia Xustificada), acorda prestarlle a aprobación.

6º DECLARACIÓN INSTITUCIONAL: APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE POLIGAL NARÓN.

Dáse conta da Moción para promover a Declaración Institucional: Apoio aos Traballadores e Traballadoras de POLIGAL Narón que a continuación se transcribe;

APOIO ÁS TRABALLADORAS E AOS TRABALLADORES DE POLIGAL-NARÓN

O pasado 22 de febreiro, o Conselleiro Delegado de Poligal, Santiago Font, comunicaba á representación social a solicitude dun concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Narón e, polo tanto, co posible despedimento dos seus preto de 120 traballadores e traballadoras.

Cómpre lembrar que Poligal (que se dedica á fabricación de plástico para a industria alimentaria e laminación), foi o buque insignia das subvencións e dos famosos plans de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra, ao abeiro das que recibiu suculentas axudas para mercar solo industrial, montar as naves e contratar persoal. E foi dende Narón de onde expandiu a súa actividade levantando fábricas en Portugal e Polonia, coas que agora ten que competir.

Só por mencionar os últimos investimentos en Narón, Poligal solicitou as seguintes subvencións apoiándose no Plan Ferrol:

- 2.645.520€, dos 6.382.082 € do orzamento financiable (REINDUS 2007)
- 552.099€ dos 5.520.990 € financiáveis (é dicir, o 10% do orzamento financiable) e dos 1.945.219€ solicitados {IGIOO IGAPE}.
- IGAPE (Incentivos Rexionais), non concedida.
- 508.750 € dos 2.554.000 € solicitados e 5.108.000 € financiáveis (REINDUS 2009}.

Os prestamos concedidos ao interese 0% e dous anos de carencia foron de 2.645.520 € (1ª fase) e 508.750 € (2ª fase}, un total de 3.154.270 €, que equivalían ao 27,45% do orzamento financiable (REINDUS 2007 e 2009), máis os 552.099 € do IGIOO a fondo perdido ao remate do investimento.

No 2008, solicitou de novo unha axuda ao Plan Ferrol para a renovación da Liña 1 de produción, concedéndolle 922.720€ dun orzamento financiable de 2.742.400€ (REINDUS 2008}.

A empresa chegou a ter ingresado nas súas contas a contía de 4.490.960 €, que tivo que devolver ao non desenvolver as inversións.



Pasa o tempo e a empresa inviste máis de 40 millóns de euros nunha nova fábrica en Polonia (Skarbimierz}, e en Portugal montan a liña de *cast*; tamén anuncian na prensa a súa intención de seguir medrando, incluso plantexando mercar unha fábrica en México.

A empresa crea unha maraña organizativa coa única finalidade de descapitalizar e deslocalizar en calquera momento. Así ternos que:

- os responsables de compras, de vendas, director financeiro, recursos humanos, calidade, I+D, e seguridade alimentaria, son os responsables das tres (Polonia, Narón e Portugal);
- Poligal Global Service é a comercializadora do grupo e único cliente das tres factorías; eles deciden o que se fai, cando e onde, podendo así manexar os pedidos en función dos intereses empresariais; nela están centralizadas as nóminas dos que son xefes e responsables, de xeito simultáneo, das empresas, factorías que pagan un canon á comercializadora pola prestación de servizos; pola contra, Poligal Global Service opera dende as instalacións de Poligal Narón sen abonar aluguer ou algún outro servizo do que é usuaria;);
- os gastos da planta de Narón incrementáronse, conscientemente, nuns 500.000€ ao non ser copartícipes o resto de factorías dos custes de fabricación de especialidades de I+D, repercutindo o 100% do custo exclusivamente na factoría de Narón, o que foi denunciado en varias reunións coa empresa ao entender que de ditas probas de materiais se benefician tamén o resto das empresas do grupo, polo que debería ser presupostado anualmente e costeado entre as tres.

A pesares da descapitalización intencionada da dirección, Poligal Narón:

- conta cunha plantilla máis que cualificada, como o evidencia o feito de conseguir os máis altos recoñecementos en calidade e seguridade alimentaria, chegando a obter e mantera certificación BRC;
- a planta e plantel teñen a característica de innovación e desenvolvemento de materiais especiais; o propio empresario chegou a definir a Poligal Narón como a "*boutique*" do grupo.

Por todo o anterior, O GM do BNG solicita do Pleno do Concello de ARES a aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. Trasladar o apoio e a solidariedade coas traballadoras e cos traballadores de Poligal-Narón, na xusta defensa dos seus postos de traballo.
2. Demandar da empresa a renuncia ao concurso voluntario de acredores e a retirada da proposta de liquidación de Poligal-Narón.
3. Demandar da Xunta de Galiza e do Ministerio de Industria, administracións que viñeron subvencionado a Poligal, o seu compromiso e implicación activa na solución deste conflito que, necesariamente, pasa polo normal funcionamento do



centro de traballo de Narón e o mantemento do seu cadro de persoal, xa que doutro xeito non se pode entender a concesión de axudas públicas.

Sometida a votación a Declaración Institucional, "APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE POLIGAL NARÓN" o Pleno do Concello por unanimidade 12 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL, 3 PP, 2 BNG-1 Ausencia Xustificada), acorda prestarlle a aprobación.

7º APROBACIÓN DOCUMENTO DEFINITIVO DO P.X.O.M. DE ARES, PARA SÚA POSTERIOR REMISIÓN A XUNTA DE GALICIA, CO OBXECTO DA SÚA APROBACIÓN DEFINITIVA.

Visto o informe e o documento remitido por Cerne Ingeniería S.A., empresa redactora do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ares de 26-02-2019 no que se sinala que en dito documento e con relación alaprobadado provisionalmente polo Pleno do Concello de Ares na sesión do día 30-11-2017, foron introducidas correccións resultantes dos informe emitidos pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (en materia de costas) de 24-05-2018, así como pola Dirección General de Sostenibilidade de la Costa y el mar de 17/05/2018 e 30/10/2018, además das derivadas de diversos erros detectados, tanto gráfico, como de texto.

Emitido informe pola Secretaría Municipal de 26 de febreiro de 2019 do seguinte teor literal:

Aprobación correccións P.X.O.M.-Documento para aprobación definitiva por Xunta de Galicia.

Recibidos os últimos informes sectoriais do Plan Xeral de Ordenación Municipal, así como observados erros segundo informe do equipo redactor, procede a súa aprobación polo Pleno do Concello ós efectos da remisión ó órgano competente da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva nos termos do artigo 61 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia

No caso de que se introducirán modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do chan ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrírase un novo trámite de información pública.

Agora ben, deberáse ter en conta a doutrina xurisprudencial sobre a necesidade dunha nova información pública en supostos de introdución de cambios respecto da aprobación inicial é certamente restritiva á hora de considerar cales merecen a cualificación de substanciais. Así, a xurisprudencia sinala que a expresión "modificación substancial" entraña un concepto xurídico indeterminado que hai que entender e precisar no sentido de que os cambios introducidos, xa na aprobación provisional, xa na definitiva, supoñan unha alteración do modelo de plan elixido e aprobado que o fagan aparecer como distinto ou diferente en tal grao que poida estimarse como un novo plan e precisamente a indeterminación dese concepto xurídico require unha actividade probatoria dirixida con eficacia concreta á clasificación da natureza das modificacións. Por iso, o TS considera que ha de ser interpretado restrictivamente por economía procedimental na elaboración dos Plans, xa que nunca haberá de acudirse a unha nova información pública cando as modificacións se refiran a aspectos concretos do Plan



e non quede afectado, por tanto, o modelo territorial debuxado no mesmo no exercicio do “ius variandi” da Administración. Nesta liña atopamos as **Sentenzas do TS do 2 de novembro de 2005, do 3 de xullo de 1995, do 19 de setembro de 1998 e do 27 de abril de 1999**, entre outras moitas.

No presente caso, aos efectos do artigo 60.12 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia : **“En caso de que se hubieran introducido modificaciones que signifiquen un cambio sustancial del documento inicialmente aprobado, por la adopción de nuevos criterios respecto a la clasificación y calificación del suelo o en relación con la estructura general y orgánica del territorio, se abrirá un nuevo trámite de información pública.”**, é necesario acudir a doutrina xurisprudencial para chegar a determinar o alcance e contido de **“modificación sustancial”** como concepto xurídico indeterminado :

Así a **Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª) de 14 de abril de 1998, establece no Fundamento Xurídico 2º:**

“Los nuevos períodos de información pública sólo son exigibles, en el procedimiento de elaboración de los planes, en aquellos supuestos en los que las alteraciones introducidas sean de tal entidad que impliquen una mutación grave y consistente del modelo territorial propuesto por el plan, hasta el punto de que exigirían, en rigor la redacción de un nuevo proyecto.

La S 5 de junio de 1995 del Tribunal Supremo, se pronunció en el siguiente sentido:

“ El art. 130 del Reglamento de Planeamiento preceptúa la necesidad de nuevo trámite de información pública, cuando la aprobación provisional de un proyecto del Plan Urbanístico comporte una modificación sustancial respecto del contenido de la Aprobación Inicial, e idéntico criterio respecto de la Aprobación Definitiva, mantiene el art. 132.3.b) del mismo Reglamento.... La apreciación del carácter sustancial de cualquier modificación en las determinaciones de un Plan de Ordenación Urbana, durante su tramitación, presupone el reconocimiento de un concepto jurídico indeterminación cuya integración ha de ser colmada en cada caso concreto y específico, en función de las características y trascendencia de tales modificaciones. No obstante ello, esta Sala viene reiteradamente manteniendo en su doctrina jurisprudencial que, con carácter general, la sustancialidad de tales modificaciones ha de ser interpretada restrictivamente, de tal modo que la repetición de la información pública en la tramitación de un Plan habrá de tener lugar cuando las modificaciones introducidas supongan un nuevo esquema de planeamiento y alteran por tanto de una manera esencial, o al menos importante, las líneas y criterios básicos del Plan y su propia estructura, y por ello no será precisa una nueva Información Pública cuando las modificaciones afecten a aspectos concretos del Plan y no quede afectado el modelo territorial dibujado en el mismo.

Por su parte, la S 12 de junio del año 95 del Tribunal Supremo se ratifica en esta línea, recogiendo, además, lo que constituye una Doctrina Jurisprudencial reiterada, haciendo al efecto las siguientes manifestaciones:



“.... asimismo, esta Sala, en sus Ss. 3 de mayo y 28 de noviembre de 1990, 27 de febrero y 5 de abril de 1991, 10 de marzo de 1992, 10 y 23 de marzo, así como 28 de septiembre, q5 y 16 de diciembre de 1993, entre otras , ha precisado el concepto de Modificaciones Substanciales a efectos de la nueva Información Pública entendiéndolo en el sentido de que los cambios supongan alteración del modelo de planeamiento elegido, al extremo de hacerlo distinto y no solamente diferente en aspectos puntuales ya accesorios, una alteración en la estructura fundamental del planeamiento elaborado, un nuevo esquema del mismo que altere, por tanto, de manera importante y esencial, sus líneas y criterios básicos y su propia estructura, no cuando las modificaciones afecten a aspectos concretos del plan y no quede afectado el modelo territorial dibujado en él” (fundamento de Derecho segundo, in fine).

Aunque ciertamente como demuestra la Prueba Pericial, las modificaciones introducidas han sido cuantiosas, la cantidad no se transforma en calidad por el mero hecho de su magnitud, de tal manera que sólo existe “Alteración Sustancial” cuando los cambios son de tal naturaleza que, el modelo territorial derivado de la modificación es materialmente distinto del aprobado inicialmente.

No tienen la naturaleza de alteraciones substanciales, según la doctrina expuesta; ni la modificación en la calificación de parcelas; ni someras alteraciones en los límites del suelo urbano; ni la supresión o desplazamiento de zonas verdes; ni la reducción de ciertos viales o la modificación de otros; ni ligeros aumentos de edificabilidad en ciertas zonas; ni la redimensión de unidades de ejecución; ni los cambios técnicos en la redacción de Ordenanzas; ni ciertas modificaciones en la determinación de algunos usos en ciertas zonas; ni leves alteraciones en el alcance de los Estudios de Detalle, ni la creación de nuevas Unidades de Ejecución; ni el cambio de los Sistemas de Actuación en ciertos unidades de Ejecución; ni los circunstanciales cambios de uso en algunos puntos del Plan.

Es más, muchas de estas modificaciones, fueron introducidas a instancia de los particulares, benefician a ciudadanos concretos y, fueron aceptadas por la administración urbanística. Ninguna de ellas, reiterando la doctrina expuesto, tanto se consideren aisladamente, como en conjunto, alteran el modelo territorial propuesto por el plan y diseñado en la Memoria del mismo, ni son tan consistentes que exigirían la redacción de un nuevo instrumento.

A Sentenza do T.S (Sala 3ª, Sección 6ª) de 19 de setembro de 1998, establece no Fundamento de Dereito terceiro:

“....., sólo pueden considerarse modificaciones sustanciales aquellas que, por alterar fundamentalmente el modelo territorial sometido a una anterior información pública, pueden hacer entender que falta ésta, lo que obliga a reiterarla, y para ello es preciso que la modificación, por la superficie afectada o por su extensa relevancia dentro de la estructura general y orgánica de la ordenación del territorio, venga a alterar seriamente el modelo territorial elegido”.



Por tanto, ha de entenderse por variación sustancial do planeamento **“aquella que implica una modificación sustancial del modelo territorial concebido por el Plan”**. A modificación **"sustancial"** ha de contemplarse, desde a perspectiva que suministra examinar o Plan no seu conxunto. Elo comporta, por regra xeral, que as modificacións concretas e específicas do planeamento, por moi importantes e "sustanciais" que resulten para os propietarios dos terreos afectados, son irrelevantes desde a perspectiva do Plan, considerado no seu conxunto”, como sinalan as **Sentenzas do TS de [12 de febreiro de 1996](#) e de [28 de outubro de 2011](#)**, entre outras moitas.

Na súa virtude, vista a proposta do equipo redactor incorporando condicións derivadas de informes sectoriais, procede a súa aprobación a efectos da remisión ao órgano competente da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.

(Interrompese a gravación)

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que as alegacións que presentaron se lle votaron en contra e as da veciñanza tamén polo tanto estamos nun momento no que hai que valorar esta situación entón, a consideración que hai que ter é unha queixa novamente ao respecto do proceso que se levou sen participación real, nós pedimos esa comisión de seguimento e funcionou o que funcionou ou sexa nada porque vostedes xa traían o tema mastigado entón non imos a admitir esa falta de información porque ademais entendemos que é malo para o sistema democrático, vostedes hoxe están no goberno e eu me pregunto si vostedes verían con bos ollos que o día de mañá cando están na oposición si van ver con bos ollos que o goberno lles oculte información por iso moitas veces fago esa consideración.

O documento do PXOM non corresponde a un criterio de presente do concello non houbo na última revisión unha corrección nese sentido senón que simplemente era de conformar o documento que vai a propiciar sobre a realidade, a realidade urbanística que hai no concello e aí podemos enlazar de onde ven todo isto xa ven da política urbanística do PP onde o Sr. Luís Cendán era tamén unha parte importante do goberno ao igual que o e agora co seu goberno e xa sabemos de que vai queda reflectida a un feito no que existen moitas máis vivendas secundarias baleiras que vivendas principais e aí podemos recorrer ao Instituto Galego de Estatística que fala de vivendas non principais 2926, vivendas secundarias 1471, vivendas baleiras 1449 son datos do Instituto de Estatística séguese a pensar neste novo documento urbanístico como soamente construción de primeira vivenda abandonando a política de rehabilitación de Ares e Redes que nos tiñamos plantexado xa dende fai moitos anos co PEPRI e o hai Área de Rehabilitación Integral tamén para rehabilitar e nin en Ares nin en Redes se fixo nós volvemos a dicir o mesmo, si o sector da construción entra en crise porque acabouse o boom inmobiliario a maneira de dinamizar a construción é mediante plans de rehabilitación e ademais poñemos tamén unha cuestión importante enriba da mesa que é favorecer esas vivendas de Ares e que podan ser ocupadas entón nós non imos a incidir moito máis do que xa levamos dito todos estes anos que volvese a repetir outra vez o resultado é o que é vostedes son os que van a aprobar este plan para iso teñen a maioría absoluta do pleno con Son de Ares e NAL e entón, non imos a incidir moito máis. Poderíamos falar do documento económico non, das previsións económicas, podemos falar de cando se provean facer as distintas actuacións



que van para dezaseis anos e tamén de cales son as prioridades do goberno poderíamos dicir aquí que a previsión do goberno de facer a ampliación da escola é no último tramo pasado xa os doce anos iso xa é unha valoración importante polo tanto nós a esta solución que lle buscou costas e vostedes, porque costas ten a súa responsabilidade e vostede ten a súa responsabilidade entón o único que fan é deixar iso sen arranxar esa parte de aí de enriba da praia a expensas dun plan especial, que o plan especial virá cando virá pero polo de agora iso queda sen solucionar, iso foi un acordo entre vostedes e costas porque lles favorecía aos dous politicamente a costas porque teñen a súa responsabilidade e a vostedes tamén porque temen a teñen, pois agora dígalle vostedes a veciñanza que aí non se vai a poder actuar de ningunha das maneiras porque hai que esperar a un plan especial porque vostedes non puideron non souberon ou non quixeron reflectilo no Plan de Ordenación Municipal.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que este plan xeral non resolve os problemas de Ares nin no presente nin no futuro, cando se aproba o plan xeral é para deixar previsto o futuro do desenrolo do pobo a vinte ou trinta anos e con isto encontrámonos que non resolve ningún dos problemas que ten agora mesmo este concello problemas como pode ser o aparcadoiro en Ares, a ninguén se lle ocorre situar un aparcadoiro na zona sur de Ares para chegar a Ares temos que cruzar todo o casco histórico do pobo ou lévalo por vías municipais na que pola súa estreites non soportarían o tráfico rodado de autobuses ou similares ademais colapsaría de maneira evidente o tráfico en todo o casco urbano do noso municipio. Nunha das alegacións que presentamos era resolver este problema do cal nós lle buscamos o emprazamento en torno a rotonda da entrada de Ares.

Con respecto ao aparcadoiro de Redes no existente creemos que o seu crecemento tería que ser caro o río o único urbanizable que había en Redes era a parcela do Carballo que quedou como solo rústico común nós creemos que esta debería ser utilizada para este fin.

En canto a fachada marítima de Ares e Redes seguen sen resolver o problema porque a solución non está en facer plans especiais Sr. Alcalde, nós fixemos no seu día unha alegación que tamén foi desestimada na que incorporaba aliñacións, rasantes, escalonamentos das fachadas marítimas a proposta era, dende o peirao do Bitakora ata a peirao grande baixo+3 , dende o peirao grande ata o gaitero baixo+2 e dende a intersección da praza da igrexa ata o Club de remo baixo+1, este era o momento adecuado para que esta corporación decida que facer cos paseos e as fachadas marítimas e vostedes o obvian.

Tal e como aparece a documentación complementaria PXOM a Dirección Xeral da Costa e do Mar no punto 4, en canto os usos propostos observase que en relación a servidume de acceso ao mar no art. 63 da Normativa Urbanística recollese que debe cumprir co disposto no art. 28 da lei de Costas como ben indicado no apartado nº2 na zona da Punta da Pena deberá garantir o seu cumprimento, ¿Cómo se garantizará o acceso peonil na zona da Punta da Pena, ese camiño que era público e vostede privatizou, que agora a Dirección Xeral informará favorablemente o PXOM se garante dito acceso e vostede o quere resolver facendo un plan especial? Nós o que desexaríamos é que quedara reflectido no documento ese acceso peonil que vostede quere pasar por alto.



Outro problema que este PXOM non resolve é facer un vial para dar solución ao problema do tráfico pesado ao porto de Ares, a resposta roza a incoherencia dende o momento en que ese vial xa esta incluído e aprobado no PXOM do 1999 dende o PP presentou no ano 2000 unha modificación puntual ante a Xunta de Galicia para pasar dunha vía autonómica de 50m a unha vía local de 12m, resolvendo así o problema xerado tanto da afección como as novas construcións nesta península. Un dos maiores problemas deste concello é a organización do tráfico pesado que necesariamente ten que dar servizo a zona portuaria e que se ve obrigado a entrar polo paseo marítimo a horas intempestivas o que ocasiona a xerar molestias innecesarias aos veciños e hostaleiros que vense obrigado a mover o mobiliario das súas terrazas da vía pública, nos preguntamos de novo para que serve o PXOM, non resolve os problemas de este pobo.

Este grupo solicitou que se fixera unha limitación realista medinte unha proxección arqueolóxica delimitando a autentica localización do mencionado castro de Lubre que non ten nada que ver coa actual, estamos totalmente en de acordo na súa protección pero unha vez localizado o enclave se reduza o perímetro de protección liberando así todas as edificacións existentes dentro desa delimitación protexida, tamén solicitamos un organizable para a zona noroeste da entrada do municipio pola estrada AC 123 non entendemos porque non se ten en conta xa que nesa zona existe na actualidade edificacións unifamiliares residenciais. Este grupo solicitou que se elimine o vial AC 123 dado que a previsión do PXOM para a zona de Lubre, Cervás e Chanteiro ten un incremento insignificante entendemos que co arranxo de ensanchamento e dotación de beirarrúas da estrada DP 402 ademais da rotonda o acceso está totalmente garantido.

Con respecto ao Club de Remo este grupo solicitou a reagrupación das infraestruturas do Club de Remo de Ares trasladando estas a instalación náutico-pesqueiras das que goza o noso concello, se desestima alegando a titularidade da Xunta de Galicia nestes terreos resposta cando menos sorprendente cando as instalacións do Club Náutico de Ares tamén se encontran en propiedade deste organismo autonómico sendo un club local.

Con respecto ao vial do Club de Remo este grupo solicitou que abra un vial que una o Paseo marítimo a altura do Club de Remo coas Poellas, dito proxecto está realizado e en dependencias municipais non podéndose executar a non estar recollido no PXOM de 1999, se nos denega alegando que non se considera viable por estar dentro da zona de servidume de costas e porque implicaría un aumento do tráfico desta zona, unha vez máis a incoherencia queda reflectida por non recoñecer que o que realmente xeraría problemas co tráfico rodado é a localización do aparcadoiro na zona de Papellas e Prados Vellos. É imprescindible dar unha alternativa urxente viaria aos veciños desta península dado que a día de hoxe o servizo desta zona é deficitario ata o punto que malamente se pode acceder con vehículos de emerxencias como pode ser bombeiros ou ambulancias, ni tan sequera se pode dar un servizo de recollida de lixo acorde a estes tempos dada a imposibilidade de acceso do camiión a esta zona.

Con respecto aos polígonos este grupo solicitou o cambio de localización do actual SUMBI ao entender que entra dentro do núcleo de Seselle producindo un impacto tanto visual como medio ambiental na zona turística máis importante deste concello e por elo que propuxemos que se recollera este novo polígono na Seaña entre Ares e Mugar dos xa que neste emprazamento os accesos serían mellores ademais de non supoñer un impacto visual directo e



ao estar estratexicamente situado no limite de ambos termos municipais poderíase estender esta zona industrial ao concello veciño e mancomunar os servizos tal e como se fixo para levar a cabo a zona industrial de Vilar do Colo que comparte solo de Cabañas e Fene.

Con respecto ao núcleo rural dos Galgos, Cervás este grupo solicitou un núcleo rurais nesta zona e se nos denegou argumentando que non cumpre os requisitos esixidos pola lei 2016 do solo de Galicia. Solicitamos que se nos explique como é posible que se nos denegue esta petición cando nesta zona hai unha serie de edificacións centenarias e segundo variase núcleo rurais como o de Rodelas, Alto de Simou ou Cmño de Pedrós son os polígonos 2 e 6 enclavados entre as rúas Celso Emilio Ferreiro e Médico Ramón Pimentel quedaron sen desenrolar no PXOM do 1999 al non existir por aquel entón vivendas unifamiliares nestes espazos o razoable urbanísticamente e emprazar estes polígonos noutra zona.

Remata a voceira do PP a primeira quenda de intervencións.

Intervén Sr. Alcalde manifestando que rematou a primeira quenda de intervención.

Interrompe o Sr. Melchor dicindo que quere falar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que por favor non interrompa o pleno esta é a quenda dos concelleiros e é un acto formal, cando remate o pleno poderá ter a palabra como a tiveches sempre e non hai ningún problema con escoitarte que sempre te escoitamos

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que o expediente ven completo ao pleno no momento da súa aprobación ten que estar toda a información e efectivamente cando temos un informe ábrese como todos sabedes un momento de diálogo ca administración que o informa para intentar chegar a unha solución e cando se chega a esa solución, é cando o Alcalde ten toda a información e a da e eu lembro que houbo unha xunta de voceiras e unha comisión Fina preguntoume polo informe de costas e eu lle expliquei a situación que había e efectivamente quedaba por delimitar quen o facía. A caída do goberno e a non aprobación dos orzamentos fai que o Estado e por tanto costas non poida asumir agora esa obra hai eleccións o 28 de abril e en consecuencia a mellor solución foi un plan especial e como remitimos un plan especial cando se desenrole ese plan especial haberá un goberno estable que seguramente vai a aprobar un orzamento e aí imos a decidir quen paga pero nestes momentos intentamos negociar, eles queren accesos a la praia, zona del Castro hai acantilados de 25 metros, entón como se fai, segundo si hai unha servidume detrás hai que recuperalo e quen ten que recuperar a servidume de paso é o titular que é o estado, é un informe contradictorio do que son os informes previos e aí e de onde se nos transmite que a época das grandes obras acabáronse que hai crise económica e rematouse e en consecuencia nós o aceptamos, pero logo se nos di que o acceso ten que loxicamente dalgunha maneira garantirse ben pois que o paga o goberno que hai se convocan eleccións e non se aproban os orzamentos non queda outra que meter un plan especial porque falta a conclusión cun goberno estable cun orzamento de cómo se vai a facer en consecuencia a solución é efectivamente a do plan especial e eu en canto fun tendo a información e segundo ía falando con costas a ía transmitindo e houbo grupos políticos que ata fixeron notas de prensa ou sexa que iso de falta de información, efectivamente falta de información o tiven eu que non sabía como se arranxar ata que haxa un goberno e se aproben os orzamentos aí xa sei como se arranxa cun plan



especial que o estado non pode comprometer inversión porque non hai orzamentos entón eu cando o sei o digo e iso foi recentemente.

A rehabilitación dos Castros esixe unha seguridade xurídica previa que é o plan que é o que pode facer a xente non se poden establecer zonas de actuación e de rehabilitación sen ter un documento que da seguridade xurídica ao que pode facer cada un dos veciños en cada ámbito e iso o fai primeiro un plan xeral, hai que ter un plan xeral é imposible facelo sen un plan xeral, o plan xeral é o primeiro instrumento e logo ten outros instrumentos urbanísticos de desenrolo e eses instrumentos urbanísticos de desenrolo incluso nalgunhas zonas pasan por plans especiais porque, porque o plan de urbanístico como documento xenérico a veces concreta todos os ámbitos de afección e outras veces non e o exemplo o temos en Redes onde o que quere facer a xente ten que pasar por unha comisión de patrimonio porque non temos un plan, e cando teñamos un plan como efectivamente o nivel de concreción é moito maior que o das normas subsidiarias imos a intentar que os veciños de Redes podan facer as cousas coa licenza municipal sen ter que ir as comisións de patrimonio porque xa hai un plan que concreta as especialidades e agora como non a temos todo ten que pasar por unha comisión de patrimonio, temos que ser inspeccionados previamente por unha comisión de patrimonio é iso non pode ser, por iso necesita o plan de urbanismo.

Hai aspectos efectivamente da intervención do PP que efectivamente hai unha diferenza de criterio, o que vostedes consideran adecuado pois nós non o consideramos adecuado pero efectivamente en nós inclúe a Secretario Xeral de Urbanismo que é do PP entón, eu non sei porque si querendo todas esas cousas non foron a falar con ela para que nolo permitirán, foi a Xunta de Galicia a que non nos deixou o núcleo urbano nos Galgos, non o quixo a Secretaria Xeral porque nos teñen que aprobar os núcleos entón, que conseguimos con este plan vinte e tres cantos había antes menos, sete menos conseguimos ampliar sete e ese non nos deixaron entón é moi bonito que o PP aquí no concello teña unha posición é a Secretaria Xeral de Urbanismo que é do PP teña outra e que o PP da xunta non nos deixe restrinxir o castro de Lubre o área de aceptación nolo esixen tal e como ben pero vostede pide menos pediran unha cita cos do seu partido para explicarllo, eu non o conseguín a min dixéronme que o área de afección do Castro de Lubre ten que ser así o seu goberno do PP e agora vostede considera que ten que ser menor, que pena que non me houbera axudado chamando a Secretaria Xeral do seu partido para decirlle que nos dera o núcleo dos Galgos e para decirlle que non restrinxira a afectación do Castro de Lubre esto é fruto de todas as administracións implicadas de delegación do territorio, nós temos unha opinión, a Xunta de Galicia ten outra opinión a través de patrimonio, estradas e demáis a estradas que vostede me pide mover é de Plan Move e dun plan autonómico obrigame a Xunta de Galicia a metela que quere que lle faga, e o seu partido o que me obriga a facer esa estrada dentro do plan de urbanismo en consecuencia, aquí está o Estado, aquí está a Xunta e aquí está o concello e entre todos decidimos un plan o que ten máis limitacións é o concello eu non me podo saltar ningunha transcripción autonómica nin do estado teño que facer un plan conforme os vintetres informes sectoriais e esa é a realidade e en consecuencia pois é un primeiro paso, non é un documento estático é un documento dinámico, conseguido isto conseguiremos máis cousas polo que xa ninguén nos vai a ameazar con que si seguimos pedindo imos a perder o que temos non, agora vaise a aprobar en eses vinte e tres núcleos onde non se podía facer absolutamente nada agora si, van a ter esas posibilidades de crecemento onde os propietarios podan desenrolar as súas expectativas urbanísticas que agora non poden, hoxe todo Ares é rústico menos Ares e Redes entón despois destes vinte e tres claro que imos a loitar por o dos Galgos, pola ampliación do de Seselle claro



que imos a seguir loitando e isto é un documento dinámico que haberá que ver que haberá que ver o que se desenrola e o que non porque ao longo do tempo van surxindo máis expectativas doutras cousas que van a cambiar loxicamente o desenrolo urbanístico e nese sentido o plan ven con esa modificación polo informe de Costas que vostede coñecía e que eu informei preguntou a voceira do PP nunha comisión e eu lle dixen pasa isto e pasa isto non hai que o pague e caeu o goberno e non se aprobaron os orzamentos e en todo caso onde ten que vir a información e o expediente completo e no pleno é ao pleno eu non teño ningunha lei que me diga a min que teña que informar puntualmente dun tema ten que vir o expediente completo ao órgano colexiado que ten que vir e ven o expediente ao órgano colexiado que é este pleno que é o que ten que decidir e antes foi a comisión de plans e aquí tivestes toda a información do plan como a tiveron todos os veciños dende o primeiro momento e o contrario e faltar a verdade.

Remata o Sr. Alcalde a súa intervención.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións e dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando, vostede é un experto en votar balóns fora que é a práctica da súa estratexia ao final de todo a culpa vai ser de Alexandra que votou en contra dos orzamentos si seguimos así ao final de todo vai a crear un conflito con Gustavo porque a súa representante no parlamento español votou en contra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que sexa máis serio na súa intervención porque o tema o merece, o tema merece seriedade non demagogia iso é demagogia Emilio.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non, a seriedade é a que eu lle estou transmitindo tal é así que lle fixen unha pregunta e non a contestou, eu lle preguntei porque veu un informe de costas o 18 de maio de 2018 onde di, conclusións; visto o anterior esta dirección xeral non pode informar favorablemente o plan xeral municipal de Ares e vostede acaba de dicir agora que a información se nos dou porque unha persoa da oposición a pediu pero iso non é así, esa persoa da oposición a pediu cando houbo unha nota de prensa onde se dicía que vostedes ían, a Madrid.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo creo que o tema o saqueino eu, non recordo onde me preguntou pero creo que o tema saqueino eu.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que non.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que non, é máis a súa resposta foi, vostede terá o informe cando se vexa o expediente entón vostede se pode agarrar a que a lei non obriga a ensinar o expediente, que a lei non ten que sinalar cada cousa que é lóxica, estamos na oposición temos dereito a fiscalización pero logo o Alcalde nos denega unha información é posible que a lei non obrigue a dar a información pero non prohibe dar a información é un tema de vontade política, vostede que vai de transparente pola vida e o que fai é negar a información que non o dixo ata o mes pasado de maio do ano pasado que había un informe de costas non o dixo, e cando se lle pide que non fun eu foi o representante do PP, ese documento vostede o nega porque vostede o negou, vostede dixo que non se lle ía a dar a documentación ata que estivese o expediente pechado entón vostede limita a nosa participación, e eu lle recordo que nós somos



representantes da veciñanza igual que vostede entón nós tamén temos dereito ao acceso a documentación. Dicar que non se podía traballar nin un ARI nin un PEPRI ningún plan de rehabilitación ata que estivese listo o PXOM ben, hai que mirar a ver como se din as cousas porque si o PXOM é algo dende logo ten que ser un documento previsor e polo tanto vostede ten que previr ese ARI, PEPRI ese plan de rehabilitación e vostede a súa filosofía non vai plasmada aí no documento do PXOM é por iso que vostede o que quere é tirar para diante e logo xa se irá facendo, pero lle vou a dicir unha cousa e como cando vostede aprobou os orzamentos, hai veces que vostede aproba os orzamentos e xa sabe que o mes seguinte vai ter que facer unha modificación de crédito e no no inclúe nos orzamentos porque non lle dan as contas e aquí pasa igual, estamos ante un documento que di que é para dentro de vinte anos e xa se nos está dicindo que hai cousas que agora non se queren abordar e que é mellor abordalas nun futuro mediante plans especiais o cal denota unha falta de vontade de encauzar ben todos e cada uns dos problemas. Vostede ademais sitúa na crise económica nesa falta de investimentos graves que antes se facían a tamén ao tema de costas a que non pode haber esa solución eu o que lle digo é unha cousa, a crise económica poderá limitar investimentos e o que queira pero o que non pode crear é un desamparo legal que o que nos vai a plantexar o que imos a aprobar o PXOM vinculado a que nesa zona non se vai a facer nada porque é un plan especial e xa veremos si algunha vez vaise a levar e de que maneira vaise a levar polo tanto nós, non temos moito máis que dicir porque o debate non variou nada ao respecto de cando se fixo aquí a aprobación inicial, quero dicir vostedes volveron a incorrer na falta de información de transparencia de cando se lle piden os informes vostedes non o dan así foi, nós o temos aquí agora porque foi convocado o pleno e é obrigatorio traelo pero non se informou e ademais tampouco deron vostedes solución a esas demandas tanto dos partidos políticos da oposición como da veciñanza e lle reclamou que hoxe o vimos aquí claramente que haxa unha vontade de goberno por querer facer as cousas en comunión coa veciñanza polo tanto, o noso voto vai ser en contra e case era mellor esperar un par de meses e informar antes que votalo para diante, xa sei que todo isto vostedes non o van a facer pero baixo a súa responsabilidade que loxicamente teñen todo o dereito pero nós non imos a participar con o noso voto a favorable nin sequera con a abstención en algo que sabemos que non foi nin ben parido, nin ben mantido durante todo este tempo.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo Sr. Alcalde vostede sempre di que ao pleno teñen que vir os expedientes completos cal é a contradición, que acaba de dicir que a adxudicación da EDAR cando lle digo que non ven o acta ao expediente que vai ao pleno e vostede di que non é o administrativo do concello entón en que quedamos, primeiro si ten que vir, despois vostede non é o administrativo do concello entón que vela porque veñan os expedientes completos ao pleno quen é o que vela porque aquí pleno tras pleno non veñen os expedientes completos entón, pode decirme quen vela porque veña o expediente ao pleno porque estaríamos nos xuzgados día tras días dicindo que aquí non veñen os expedientes completos, nin actas, nin horas, aquí non se respeta nada e nos somos a oposición e ten que respetar todo.

Con respecto do plan especial da Punta da Pena vostede di; no PXOM se recolle, o obxectivo deste sistema xeral e garantir o acceso ao mar na zona da Punta da Pena facilitará a conexión entre as praias de Ares e Seselle mediante unha senda peonil crearase un mirador e se



axardinará o resto do espazo, procurarase o acceso ao mar en pequenas calas existentes na medida do posible mediante escaleiras de madeira, e digo eu, por onde vai o acceso por ese camiño que era público e que vostede privatizou aí ten o problema por iso vai ao plan especial porque aí está o verdadeiro problema o verdadeiro problema está na Punta da Pena entón non sei por onde vai a facer as escaleiras nin por onde as vai a meter porque non hai camiño, entón facemos un plan especial e así quitamos o problema de enriba ben, será Costas quen decida todo isto .

Con respecto ao plan dicir, que do único do documento que presenta hoxe que ten unha relevancia importante para os veciños beneficiados son os núcleos rurais si ben hai que deixar claro que este mérito é da política urbanística e social do Partido Popular no goberno da Xunta de Galicia buscando en todo o momento polo rural galego Sr. Alcalde dado que o cambio da lei do solo de Galicia do 2016 facilitase a edificabilidade no núcleo rural, evitando así non só o envellecemento da poboación no rural senón tamén o éxodo dos mozos deste entorno por non poder edificar ata o momento en parcelas familiares a esta medida acolleuse este concello levando a cabo a recuperación de novos núcleos para incorporarnos aos xa existentes soamente falta un núcleo tan importante como o dos Baños sendo un dos barrios máis emblemáticos da parroquia de Cervás como dixen anteriormente.

Respecto ao núcleo de Pedrós consideramos que este sigue incompleto porque quedan catro parcelas que non foron recollidas.

Con respecto aos plans especiais como acabo de dicir recollidos neste PXOM deixan en evidencia que a redacción deste documento é notablemente deficitario e incompleto, posto que se deixan pendentes todas as zonas que xerarían para a súa execución un periodo de tramitación que se dilataría no tempo e que requiriría dun gran traballo eso significa que vostedes son alleos a labor que realmente ten que facer un político o simplemente resolver os problemas dos veciños aos que vostedes obviaron nesta tramitación Sr. Alcalde.

Remata a súa intervención a Sra. Martínez Martínez.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que unha vez fixadas as votación procede a someter o punto a votación.

Sometido o documento remitido por Cerne Ingeniería "Documento definitivo do PXOM" nos termos expostos ao principio, o Pleno do Concello por maioría de sete (7) votos a favor do P.S.deG-P.S.O.E.(5), NAL (1) e SON de Ares (1), o que supón a maioría absoluta legal dos membros da Corporación, e cinco (5) votos en contra dos grupos do B.N.G. (2) e P.P. (3) acorda:

Primeiro.- Aprobar o documento definitivo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ares.

Segundo.- Nos termos do artigo 61 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e unha vez dilixenciado o documento, elevar o expediente do Plan Xeral de Ordenación Municipal á Consellería competente en materia de urbanismo co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

8º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO



De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dáse por enterado.

9º.- MOCIÓNS-PROPOSTAS:

Non hai

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia, non hai.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén o Sr. Alcalde pedindo brevidade nas preguntas para darlle a palabra ao Sr. Melchor, nós podemos esperar a outro pleno para contestalas e así xa pode intervir o Sr. Melchor, por eso pido por favor que as numeredes pero non as vou a contestar para ser rápidos e que teña a palabra o Sr. Melchor.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que xa que non as vai a contestar agora só voulle a facer dúas que son dous rogos que teñen que ver co que estábamos a falar agora das responsabilidades de Costas e todo isto;

1.- Acceso para persoas con mobilidade reducida, estamos vendo que houbo unha obra según se nos respondeu porque non se trouxo aquí a información Costas está facendo un acceso mediante unhas escaleiras ao que é o mirador do Petelo, está circunstancia volvese a repetir o que xa pasou na obra da xunta Ares-Mugardos. Eu podo chegar a entender que as competencias de outras administracións son as que teñen que decidir os proxectos o que non acabo de entender e como o concello non se preocupa como vai a quedar esa obra, e si se preocupa non entendo como pode pedir que se buscasse unha modificación do proxecto como neste caso na senda peonil Ares-Mugardos o concello tiña que pedir un modificado de ese proxecto da Xunta que non ten nin idea a Xunta das necesidades do concello de Ares para non eliminar setenta prazas de aparcadoiro cunha senda de bicicleta que non soluciona nada que remata en Fontelide non ten continuidade outra cousa é que a senda de bicicleta tivese continuidade ata Mugardos ben, pois se pode valorar que é mellor eliminar setenta prazas ou crear unha senda de bicicletas eso xa é outro debate, pero o debate é que esa senda para bicicletas remata en Fontelide e non soluciona nada o que fai e sacar setenta prazas de aparcadoiro por eso cando vostede agora di que vai crear non sei cantas prazas de aparcadoiro na Rectoral recordese que eliminou setenta entón o que nós pediríamos, e nós facemos ese rogo é que na obra de Costas que tiña que haber e que ademáis e técnicamente posible, unha rampa de acceso para persoas con mobilidade reducida o que nós entendemos que si é posible e hai que loitar por eso, as obras son para o desfrute de todos/as porque entendemos que tamén para persoas con mobilidade reducida sería moi interesante facer esa obra. Visto que non está feito, nós o que pedimos é que o concello de Ares faga o que teña que facer para valorar esta nosa proposta de que se poida facer ese acceso para persoas con mobilidade reducida xa que como dicía antes técnicamente é posible.



2.- POS 2019, voste fai un par de plenos creo que foi cando eu defendín as políticas de deputación que goberna o PSOE e o BNG eu defendín o PLAN ÚNICA na súa filosofía e na maneira de abordalo como se teñen que repartir os cartos dunha maneira clara e que non haxa lugar a dúbidas que todos os concello dispoñan de eses cartos antes de que remate o ano, vostede aquí fixo unha queixa unha crítica e vostede dirixiuse a voceira do PP dicindo “verdade que vostedes os alcaldes do PP foron alí a protestar, pois eu tamén protesto porque recibimos menos cartos” eu xa lle dixen que non ía a quedar así, e agora esta semana pasada aprobouse esa primeira modificación, esa primeira modificación fai que de esos 341147,17€ que había cando se aprobou agora vai a haber 172000 máis o que fai un montante para este ano e non queda aquí a cousa aínda pode haber máis 513246,38€ o que fai que durante os anos 2017 e 2019 a Deputación da Coruña e eu aplaudo esa medida xa digo gobernado polo PSOE e polo BNG o concello de Ares recibiu 1565281,99€ repito todo isto por agradecer unha vez máis a nova filosofía de deputación que aporta claridade, transparencia e confianza nas institucións fagolle un rogo, xa que non aceptaron as nosas propostas todas e cada unha delas que presentamos nós en distintos plans que incluísen ou non o plan único que cumprisen ou nos orzamentos, que non aceptaron ningunha delas, haber si agora con esta cantidade inclúe algunhas das nosas propostas, ese é o noso rogo.

Como vostede pediu que non fixesmos moitas preguntas para deixar intervir non imos a facer máis rogos e preguntas.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde dando a palabra a voceira do PP.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez manifestando que só vai facer unha pregunta e con respecto a Resolución da Alcaldía 1/19, quería preguntar a que son debidas estas gratificacións aos Auxiliares da Policía Local.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que no próximo pleno contestarei a estas preguntas, levantamos a sesión e lle damos a palabra ao Sr. Melchor.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e dez minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,